

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 26 DE XUÑO DE 2008. NÚM. 7 /2008.-**

Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE :**

XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

**CONCELLEIROS:**

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO. (PP)  
D<sup>a</sup>. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN. (PP)  
D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. (PP)  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. FÉ CORTIZO MATO. (PP)  
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ. (PP)  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP)  
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (PP)  
D. NICOLÁS VARELA GARCÍA. (PP)  
D. JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ GONZÁLEZ. (PP)  
D<sup>a</sup>. NURIA RODRÍGUEZ CARRAL (PP)  
D. JOSÉ MANUEL BREA BLANCO. (PP)  
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER. (PSdeG- PSOE)  
D. MANUEL MIGUÉLEZ MONTOTO. (PSdeG- PSOE)  
D<sup>a</sup>. MARTA LÁZARA FONTAO. (PSdeG-PSOE)  
D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN. (PSdeG-PSOE)  
D<sup>a</sup>. BEATRIZ GARCÍA IGLESIAS. (PSdeG-PSOE)  
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG)  
D<sup>a</sup>. SUSANA RODRÍGUEZ CAMBÓN. (BNG)  
D<sup>a</sup>. GUADALUPE NÓVOA CARBALLUDE. (BNG)

**SECRETARIO XERAL:** D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**INTERVENTORA:** D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**AUSENTE:** D<sup>a</sup>. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP)

## ÍNDICE

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.....	páx. 3
2.- Decretos da Alcaldía: dación de conta.....	páx. 4
3.- Expediente e modificación de créditos nº 1-P-/2008.....	páx. 6
4.- Expediente de modificación de créditos nº 5-P/2008.....	páx. 8
5.- Expediente de cambio de uso da parcela EQ-PRE.....	páx. 9
6.- Expediente de solicitude de comparecencia da Alcaldía en relación coa situación da Carballeira da Crespa.....	páx. 10
7.- Mocións do PP.	
7.1.- Moción do PP solicitando melloras na atención sanitaria aos veciños de Lalín.....	páx. 15
7.2.-Moción do PP reclamando melloras sobre as estradas de titularidade autonómica.....	páx.19
7.3.- Moción conxunta do PP e BNG sobre a tarifa eléctrica social.....	páx.22
8.- Mocións do PSdeG-PSOE.	
8.1.- Moción do PSdeG-PSOE solicitando á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a participación no programa de apertura dos centros educativos públicos fora do horario lectivo.....	páx. 22
8.2.- Moción do PSdeG-PSOE pedindo a elaboración dun plan municipal integral de accesibilidade e a eliminación das barreiras arquitectónicas en Lalín.....	páx.24
8.3.- Moción do PSdeG-PSOE demandando a comparecencia do Sr. Alcalde sobre as obras de parking da Praza de Europa.....	páx.25
9.- Mocións do BNG.	
9.1.-Moción do BNG reclamando o acondicionamento do contorno da fonte da Praza da Vila.....	páx.28
9.2.- Moción do BNG solicitando a limpeza de beirarrúas do rural, parques e xardíns públicos e dos solares de particulares do casco urbano.....	páx. 29
9.3.- Moción do BNG demandando a erradicación dos vertedoiros incontrolados e a limpeza forestal.....	páx. 31
10.- Moción por urxencia do grupo de goberno solicitando a execución de varias obras á Consellería de Medio Ambiente de Desenvolvemento Sostible.....	páx.33
11.- Rogos e preguntas.....	páx.34

---

Sendo as dez horas do día 26 de xuño de 2007, martes, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose a súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Presidente titular D. Xosé Crespo Iglesias e como Secretario Xeral D. César López Arribas. Actúa de Interventora D<sup>a</sup>. Marta Oviedo Creo. D<sup>a</sup>. Paz Pérez Asorey non asistiu á sesión por razóns persoais.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-**

Deuse conta pola Presidencia da acta da sesión ordinaria de 29 de maio de 2008. De seguido o Sr. Presidente preguntou aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Non habéndoas, pasouse a votación ordinaria, a man alzada a acta, e por **UNANIMIDADE** dos asistentes quedou aprobada a acta correspondente á sesión ordinaria do día 29 de maio de 2008.

### **2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-**

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano:

1.- Decreto da Alcaldía de 13 de maio de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D<sup>a</sup>. Paz Pérez Asorey (maio) por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe **172,55 €**

2.- Decreto da Alcaldía de 27 de maio de 2008, polo que se aproba a factura nº 1200800123 a nome de **CENTYC EUROPA S.L.** en concepto de servizo técnico reprogr. Teléfono UNED, por importe de **104,40 €**

3.- Decreto da Alcaldía de 27 de maio de 2008, polo que se recoñece a obriga a favor da SOCIEDADE ESTATAL DE CORREOS, S.A. e se aproba a factura nº FRO20081990049 en concepto de carta ordinaria, por importe de **7,08 €**

4.- Decreto da Alcaldía de 28 de maio de 2008, polo que se aproba a factura a nome de **GRUPO GASÓLEOS DEZA** en concepto de combustible varios departamentos, por importe de **5450,00 €**

5.- Decreto da Alcaldía de 30 de maio de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D<sup>a</sup>. Beatriz Alvarellos González por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe **15,20 €**

6.- Decreto da Alcaldía de 30 de maio de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D<sup>a</sup>. Teresa Rocha Blanco por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe **15,20 €**

7.- Decreto da Alcaldía de 30 de maio de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Carral por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe **33,40 €**

8.- Decreto da Alcaldía de 30 de maio de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D<sup>a</sup>. Milagros Vázquez García por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe **19,00 €**

9.- Decreto da Alcaldía de 30 de maio de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custe e indemnizacións a percibir por D<sup>a</sup>. Teresa Rocha Blanco por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe **30,40 €**

10.- Decreto da Alcaldía de 2 de xuño de 2008 polo que se acorda a transferencia de **36.000,00 €** ao Organismo Autónomo de carácter administrativo "Padroado Cultural de Lalín".

11.- Decreto da Alcaldía de 2 de xuño de 2008, polo que se aproban as liquidacións da **taxa por ocupación de terreos de uso público municipal** con mercadorías, materiais de construción, refugallos, valados, puntais, ansillas, andamios e outras instalacións, correspondentes ao mes de maio de 2008, por importe de **2.604,08 €**

12.- Decreto da Alcaldía de 3 de xuño de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Manuel Gómez Estévez por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, por importe **26,67 € e 30,65 €**, respectivamente.

13.- Decreto da Alcaldía de 3 de xuño de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Salvador González Rodríguez por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe **47,70 €**

14.- Decreto da Alcaldía de 3 de xuño de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Carlos Presas Dobarro por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, por importe **28,21 € e 64,98 €**, respectivamente.

15.- Decreto da Alcaldía de 4 de xuño de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Xosé Manuel Méndez García por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, por importe **18,70 € e 199,50 €**, respectivamente.

**16.-** Decreto da Alcaldía de 4 de xuño de 2008 polo que se aproba a factura nº 73710800053702 a nome de **DE LAGE LANDEN INT.** en concepto de renting fotocopiadoras das oficinas xerais do mes de xuño, por importe de **648,09 €**

**17.-** Decreto da Alcaldía de 5 de xuño de 2008, polo que se recoñece a obriga derivada dos gastos de administración do Anticipo concedido pola Caixa de Anticipos de Cooperación da Deputación de Pontevedra, por importe de **1.296,46 €**

**18.-** Decreto da Alcaldía de 5 de xuño de 2008, polo que se recoñece a obriga derivada dos gastos de administración do Anticipo concedido pola Caixa de Anticipos de Cooperación Provincial ó Concello de Lalín, por importe de **16.171,27 €**

**19.-** Decreto da Alcaldía de 6 de xuño de 2008 polo que se recoñece a obriga de **180,05 €** a AUTOPISTA CENTRAL GALLEGA, C.E.S.A. (ACEGA) e **45,16 €** para AUTOPISTAS DEL ATLÁNTICO (AUDASA) correspondente ao recibo do OBE polo telepeaxe do período de maio de 2008.

**20.-** Decreto da Alcaldía de 6 de xuño de 2008 en virtude do cal se aproba o expediente de xeración de crédito número 16-G/2008, modalidade “xeración de crédito”, cun importe total de **18.703,93 €**

**21.-** Decreto da Alcaldía de 11 de xuño de 2008, polo que se aproba a factura nº 200802532 a nome de **CENTYC EUROPA S.L.** en concepto de inalámbrico Siemens entornos saudables, por importe de **46,40 €**

**22.-** Decreto da Alcaldía de 11 de xuño de 2008, en virtude do cal se aproba o expediente de modificación de créditos número 17-G/2008, modalidade “xeración de crédito”, cun importe total de **117.802,08 €**

**23.-** Decreto da Alcaldía de 11 de xuño de 2008, en virtude do cal se aproba o expediente de modificación de créditos número 18-G/2008, modalidade “xeración de crédito”, cun importe total de **33.127,44 €**

**24.-** Decreto da Alcaldía de 16 de xuño de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D<sup>a</sup>. Beatriz Alvarellos Blanco por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe **30,40 €**

**25.-** Decreto da Alcaldía de 16 de xuño de 2008, polo que se recoñece a obriga derivada do vencemento da anualidade de amortización do Anticipo concedido pola Caixa de Anticipos de Cooperación Provincial ó Concello de Lalín, por importe de **8.392,29 €**

**26.-** Decreto da Alcaldía de 17 de xuño de 2008, polo que se aproba a factura nº D203808 a nome da **XUNTA DE GALICIA DOG** en concepto de anuncio DOG convenios urb. SG-EQ-4 por importe de **233,42 €**

**27.-** Decreto da Alcaldía de 19 de xuño de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Víctor Blanco Taboada por gastos de dietas na realización de comisións de servizo, por importe **18,70 €**

*O Concello Pleno quedou enterado.*

### **3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 1-P/2008.**

A Presidencia deu conta deste expediente que conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Economía e Patrimonio do día 23 de xuño de 2008, que leu o Sr. Secretario.

En defensa da proposta o edil delegado de facenda, **D. Manuel Gómez Estévez** explicou do que se trataba: un expediente de modificación de créditos do padroado, en concreto da radio municipal para adquirir unha consola e algúns transmisores. Este material levaba varios anos sen repoñerse, e agora con cargo a uns cartos que como se dixo, proviñan dos ingresos de publicidade da radio municipal, faríase.

Desde o grupo socialista non se vía ningún aspecto negativo e **D. Manuel María González Aller** en nome do mesmo salientou que apoiarían o expediente.

Desde a formación nacionalista non se vía do mesmo xeito este tema. **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada**, dixo que estes cambios acontecían neste ano, tras a aprobación dos orzamentos. Criticou que, a través de modificacións de créditos e de decretos, o grupo de goberno modificara os orzamentos inicialmente aprobados como foron “en tempo e forma”. Entón no debate deste documento alegou o goberno municipal non ter datos e non saber nada doutras cifras; e logo veñen estes cambios que alteran esencialmente todo o aprobado. En resumo, non apoiarán a moción.

**D. Manuel Gómez Estévez** salientou que o que se facía aquí e co este expediente, non era nada ilegal, senón algo permisible e que se facía en todos os concellos. Coas tormentas habidas decidiuse cambiar unha consola e os transmisores, máis que nada polas frecuencias que se captaban e utilizaban; isto pois debíase ao medio ambiente e este sistema formal era un medio habitual en todos os sitios. Era máis ben unha cuestión técnica que política.

De novo por alusión **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada** salientou que en principio vían ben o tema de adquisición do amplificador, pero no tema da consola, non aceptaba o argumento dado, e menos ampararse as decisións a tomar en opinión dos técnicos. O debate ten que producirse cando se aproban os orzamentos, xa que non son realistas. Preguntou á vista das verbas do edil delegado: *por qué non se da unha copia da liquidación do orzamento aos grupos da oposición para analizar os orzamentos?*

En suma con esta dinámica que seguía o grupo de goberno, entendía que á oposición lle resultaba imposible controlar o gasto que realizaba o grupo de goberno e a súa xestión, e por elo vía reducido o seu papel como tal.

Finalmente **D. Manuel Gómez Estévez** reiterou que no Concello non se ocultaba nada, ningún expediente e ningún documento. Sobre a liquidación, sostivo que a oposición tiña dereito a obter copia dunha parte dela; da parte restante, non.

Houbo de seguido un debate entre este edil, o Sr. Alcalde e o voceiro nacionalista sobre o dereito ou non a conseguir copia do expediente da totalidade dos documentos das contas xerais.

En votación ordinaria a man alzada a proposta, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* dezasete (17) dos que doce foron do P.P. e cinco do PSdeG-PSOE.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* tres (3) do BNG.

Xa que logo **aprobose a proposta**, en base aos seguintes antecedentes.

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario número 1-P/2008-Patronato, a financiar con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería e ante a urxente e inaprazable necesidade de realiza-los gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingúa dos intereses deste organismo autónomo, co obxecto de dotar de crédito suficiente para a adquisición de equipamento da Emisora municipal de Radio (composto por un equipo transmisor 1KW Vimesa e unha consola profesional mix 100).

**Por elo, o Pleno da Corporación acordou:**

**Primeiro.-** Aproba-la modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario, financiado con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería, de acordo co seguinte detalle :

1.- Partida do Presuposto de Gastos do Organismo autónomo Padroado Cultural de Lalín á que se dota de Crédito extraordinario:

<u>PARTIDA</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
463.623.01	Comunicación social e participación cidadá Equipamento Radio Municipal	13.979,16
	TOTAL ALTA	13.979,16 €

2.- Medios ou recursos que van financia-la modificación de crédito:

O Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2007, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería: aplicación para financiar créditos extraordinarios) do presuposto de ingresos do organismo autónomo Padroado Cultural de Lalín.

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e o recurso que vai a ser utilizado para o seu financiamento, de xeito concreto a baixa de crédito doutra partida, consérvase o equilibrio orzamentario de conformidade co artigo 16.2 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

**Segundo.-** Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó publico polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e art. 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

**Terceiro.-** Este expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

#### **4º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 5- P-/2008.-**

A Presidencia deu conta deste expediente que ten o ditame favorable da Comisión Informativa de Economía e Patrimonio do día 23 de xuño de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Nas deliberacións o edil delegado de facenda **D. Manuel Gómez Estévez** deu as explicacións e os dous voceiros, o socialista e o nacionalista **D. Manuel María González Aller e D. Fco. Xavier Vilariño Taboada** respectivamente expresaron o seu apoio ó expediente.

Finalmente o Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias**, deu tamén algunhas aclaracións máis sobre o tema.

Sometida a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, con doce votos do PP, cinco do PSdeG-PSOE e tres (3) do BNG aprobouse a proposta, en base aos seguinte antecedentes:

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario número 5-P/2008 a financiar mediante a baixa de crédito doutra partida non comprometida, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingúa dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito a adquisición de maquinaria necesaria para o taller de carpintería do Centro Municipal de Formación Ocupacional.

Xa que logo, o Pleno **ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aproba-la modificación orzamentaria consistente nun Crédito Extraordinario, financiado mediante a baixa de crédito doutra partida non comprometida, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, de acordo co seguinte detalle:

1.- Partida do Presuposto de Gastos á que se dota de Crédito Extraordinario:

<u>PARTIDA</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
322.623.14	Promoción do emprego.	5.162,00

Maquinaria taller carpintería C.F.O.

TOTAL ALTA 5.162,00 €

2.- Medios ou recursos que van financiar a modificación de crédito:

A baixa de crédito da seguinte partida do Presuposto vixente non comprometida, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo:

<u>PARTIDA</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
322.226.08	Promoción do emprego Gastos de actividades	5.162,00€
TOTAL	BAIXA	5.162,00€

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e o recurso que vai a ser utilizado para o seu financiamento, de xeito concreto a baixa de crédito doutra partida, consérvase o equilibrio orzamentario, de conformidade co artigo 16.2 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

**Segundo.-** Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e art. 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

**Terceiro.-** Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

#### **5º.- EXPEDIENTE DO CAMBIO DE USO URBANÍSTICO DA PARCELA EQ-PRE DO SUE-1 REGUEIRIÑO SUR.-**

A Presidencia deu conta deste expediente que conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Emigración e Igualdade do día 24 de xaneiro de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Na defensa deste expediente **D. Román Rodríguez González**, edil delegado de urbanismo, brevemente, deu unhas explicacións do mesmo. Indicou que era unha práctica correcta a de celebrar convenios entre dúas administracións distintas para alcanzar fins de interese xeral dos cidadáns. Neste caso, ao igual que se fixo con outro expediente, faríase tamén agora. A parcela, que se ofertaba, estaba ben comunicada, ubicada nun bo sitio e era accesible para todos.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** adiantou o apoio do seu grupo a esta iniciativa porque a consideraban necesaria.

Tamén desde o grupo nacionalista **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** amosou que referendarían a proposta.

Sometida a votación ordinaria, a man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes e que comprende os votos de vinte concelleiros, dos que doce foron do P.P, cinco do PSdG-PSOE e tres do BNG, aprobouse a moción con base nos seguintes antecedentes

**O Concello de Lalín dispón dunha parcela denominada EQ-Pre (equipamento preescolar) do PLAN Parcial SUE-1 “Regueiriño Sur”, co Pxom de 1999.**

O Concello de Lalín mantivo conversas co Consorcio de Servizos, Benestar e Igualdade para a Construción e Mantemento dun Centro de Día na parcela antes indicada que ten unha superficie de 1.000 m<sup>2</sup>, unha edificabilidade de 0,6 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> e unha superficie máxima edificable de 600 m<sup>2</sup> construídos para equipamento.

Non obstante o uso EQ de dita parcela no Plan Parcial SUE-1 e no PXOM de 1999 cumpre modificalo, e de acordo co previsto no art. 37, apartado 10 do Título VIII USO de Equipamento do Libro III. Normas de Usos do vixente PXOM, e de conformidade co disposto no artigo 47.4 da lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004.

Por todo elo **ACORDOUSE:**

1.- “Modificar o cambio de categoría de Uso Urbanístico da parcela anterior de 1000 m<sup>2</sup> de parcela dotacional EQ-Pre Equipamento Preescolar a **Uso Asistencial (Centro de Día)** de acordo coa normativa vixente”.

2.- **Celebrar un Convenio Administrativo entre este Concello de Lalín co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a Cesión de uso de dita parcela, que contemple tamén a construción por dito organismo dun Centro de Día (atención a dependencia e infancia) en dita parcela durante 25 anos, prorrogables por outros 25 anos facultando ao Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do antedito convenio.**

3.- O Concello de Lalín comprométese a asinar no seu día un convenio administrativo da xestión de ditos servizos de Centro de Día co Consorcio de Servizos de Benestar e Igualdade.

**6.- SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE EN RELACIÓN COA EXPROPIACIÓN E COA OBRA NA CARBALLEIRA DA CRESPA.-**

A Presidencia deu conta desta proposta de data 7-6-2008, con entrada municipal do mesmo día e con nº de rexistro 3204. De seguido o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda e Medio Ambiente do día 23 de xuño de 2008.

*Sometida a votación ordinaria, por **UNANIMIDADE** de todos os seus membros, cun total de vinte, dos que doce foron do grupo P.P, cinco do PSdeG-PSOE e tres do BNG, aprobouse a proposta, acordándose aceptar a comparecencia, en consecuencia realizala agora mesmo nesta sesión. Empezou pois a comparecencia.*

Comezou esta longa intervención **D. Xosé Crespo Iglesias** salientando que co gallo da execución da segunda fase da obra de Acondicionamento do río Pontiñas e do seu contorno, redactado o proxecto polo equipo do enxeñeiro Sr. *Picola*, incluíuse como parte da obra, unha zona da Carballeira da Crespa. Pero veuse abaixo a expropiación por unha sentenza que anulou todo o proceso. A expropiación dos terreos e a execución das obras fíxoas a Xunta e Galicia, que podía actuar nas marxes do río Pontiñas, que era onde tiña competencia Augas de Galicia; pero afectou a parte da Carballeira da Crespa, e polo tanto fora dese ámbito no que Augas de Galicia non tiña competencias.

Houbo desavenencias entre a Xunta de Galicia e os donos desta finca e acabou todo nun contencioso.

A relación do Concello coa familia propietaria desta carballeira nunca foi cordial. Lembrou que houbo sempre en Lalín tres familias que tiñan moitas propiedades no casco urbano. Unha era a da “*Viuda*”, cos prados e a Carballeira do Rodo e coidaba que nesta relación, o Concello de Lalín gañou coa sinatura e a cesión dos convenios urbanísticos; a outra era a de Moure, coa que o Concello acadou diversos acordos puntuais de planeamento; e a última, a familia esta: a dos donos da Crespa.

Non houbo acordo. En varias reunións dixeron non querer nada da Xunta de Galicia, salvo o terreo e a súas propiedades. Todo o terreo afectado expropiouse por Augas de Galicia e logo de rematar as obras colocáronse nesta carballeira algunhas esculturas do arquitecto César *Portela*, en concreto a mesa parroquial e as esculturas do seu fillo.

No proceso xudicial non estivo moi acertada a Xunta de Galicia, porque non defendeu ben os seus acordos. Os propietarios gañaron o preito, algo que pagarán todos os galegos. Houbo pouca atención pola súa parte. Estes temas xudiciais non contaron nin teñen moita atención pola Xunta de Galicia, e así saíu a sentenza manifestamente desfavorable. Di a sentenza que sí a expropiación nas marxes do río; pero non á expropiación do anaco da Carballeira.

Na execución da sentenza, a Xunta de Galicia non comunicou nin trasladou información a este Concello. Esta entidade non puido actuar; os autos dirixíronse á Xunta de Galicia, non ó Concello. Intentamos opoñernos á execución e personarnos aínda que fora como usufrutuarios, e non o conseguirmos.

Anulouse pois a expropiación e o órgano xudicial pediulle á Consellería de M.A. e D.S. que executara a sentenza ditada polo TSXG. Entón produciuse o relevo na Xunta de Galicia tras as eleccións e detívose o procedemento. Pero ó pouco tempo recibíronse resolucións xudiciais e destas non se lle comunicou nada ao Concello; só se lle dixo que había que retirar a obra de César *Portela* da antedita carballeira e deixala libre. A Xunta de Galicia debeunos facer unha proposta ao Concello, pero non a houbo. Tampouco puidemos personarnos en ditas actuacións xudiciais. O Auto xudicial é firme e hai que devolver aos propietarios os terreos e quitar os mobles de alí. Para todo isto houbo case un ano de por medio e a C.M.A e D. S. puido opoñerse á execución, indemnizando, mesmo aínda que fora pagando o Concello os cento oitenta mil euros de indemnización que se pedían, para non executar a sentenza, e

se remataría todo o litixio. Non foi así e ata que se ditou o auto de desaloxo, non se lle comunicou nada a este Concello.

*Sendo as 10 horas e 33 minutos abandonou a sesión D. José Luis Pérez Donsión quedando con 12 o P.P, 4 o PSdeGPSOE e con 3 o BNG, dando cun número total de asistentes de dezanove.*

O destino das esculturas do fillo de César Portela fixaríase conxuntamente con el; neste intre estaba á espera da súa resposta, pero coidaba que sería probablemente a Carballeira do Rodo. O traslado sería por conta da Consellería de Medio Ambiente e D. Sostible e non a cargo do Concello. Antes si que o Concello estaba disposto a facerse cargo, pero agora non. O auto non é apelable e hai que cumprilo.

“Como último intento, eu senteime e reunime con *D. Manuel Del Rio Solla*, propietario da carballeira”, afirmou. Houbo moitos problemas antes deste encontro con el; “a entrevista foi cordial, pero dela deducín que aínda que lle deran 100 millóns de euros pola mesma ao dono, este non cede e hai que executar a sentenza”, afirmou. Si que hai un compromiso, unha vez retirado o mobiliario, de estudar e ver se toda a Carballeira ou parte dela pode ser disfrutada polos lalinenses. “Vou intentalo e coido que é posible acadalo”, afirmou. A Carballeira conta actualmente coa máxima afección do PXOM e o dono non pode facer practicamente nada nela. É posible pois facer un convenio co Concello; cabe a opción de que a Carballeira sexa expropiada; pero si voluntariamente e con colaboración se pode chegar a un acordo para que os veciños de Lalín poidan disfrutala e utilizala, merece a pena intentalo.

Repetiu que a causa de perder o preito foi que a expropiación ao non ser das marxes, non era competencia da Consellería de *D. Xosé Cuiña Crespo*; se esta persoa soubera isto daquela, co peso político que tiña entón, a houbera expropiado a Consellería de Medio Ambiente. Non tiña como Alcalde ningún reproche que facer á Dirección Xeral de dita consellería; hai que dicir que foron corteses e que falaron e dialogaron; pero pola contra cumpría destacar que non houbo falta de vontade política de afrontar e de evitar isto.

Lembrou algunhas novas aparecidas en prensa recentemente en boca de *D. Manuel María González Aller* nas que se pronunciaba contra a actuación do Concello neste tema.

A devolución da Carballeira da Crespa cerra o proceso como di o PSOE; pero se o PP non perdera a Xunta de Galicia, habería un acordo na indemnización cos donos, e logo tramitaríase a imposibilidade de execución da sentenza. Non puido ser así. Reiterou outra vez que houbo un trato correcto por parte da Xunta e Galicia aos responsables municipais, pero do mesmo xeito quixo destacar que el fixo todo o que estaba na súas mans para reter no Concello este anaco de carballeira, e aínda faría todo o posible para que os veciños puideran usar dito lugar.

*Sendo as 10 horas e 44 minutos incorporouse a sesión D. José Luis Pérez Donsión quedando con 12 concelleiros o PP, 5 o PSdG-PSOE e 3 o BNG o número total de asistentes á sesión en 20.*

Desde o grupo socialista ***D. Manuel María González Aller*** dixo que todo o proceso expropiatorio da obra de acondicionamento do río Pontiñas foi “unha chapuza integral”, que ó final tivo un alto custe para a administración.

Parecelle grave que o Sr. Alcalde quixera desvincularse do tema. En primeiro lugar salientou que debeu haber e non houbo unha negociación do prezo cos donos. O Sr. Alcalde puido actuar como intermediario entre os propietarios e a Xunta de Galicia para alcanzar un punto de encontro. Non se fixo nada e causouse un prexuízo aos donos durante varios anos e agora tamén á Xunta de Galicia, aínda que somos todos os que en última instancia temos que pagar. Lembrou que a administración autonómica pagou moito diñeiro polo elevado prezo fixado xudicialmente. A responsabilidade tamén foi en parte tamén do Sr. Alcalde, xa que non

intermediou e interferiu nas relacións cos donos, mesmo houbo insultos pola súa parte publicamente ás persoas implicadas no litixio, por exemplo neste órgano, o pleno. En suma non se negociou tendendo ó ben común. Non aceptaba as explicacións do Sr. Alcalde e salientou que mesmo houbo un acto de conciliación hai uns dous anos e o Sr. Alcalde non compareceu.

“O Sr. Alcalde non pode botar agora balóns fora, porque ten responsabilidade neste asunto, que deu como resultado que a Xunta de Galicia pagara moitos millóns”, sinalou. Agora por eses cento oitenta mil euros dos que falou o Sr. Alcalde non ía quedar a cousa mal, despois de todo o que se pagou. Non era pois crible o que dicía o Sr. Alcalde.

Desde o grupo nacionalista **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada**, referiuse á camiseta de **D. José Antonio González González** da selección española de fútbol, indicando que por unha foto faise calquera cousa e calquera día vimos vestidos de sevillanas.

**D. José Antonio González González** contestou: “se queres, préstoa”.

Sobre a comparecencia, **o voceiro nacionalista** indicou que esta se facía a petición propia, preguntándose polos motivos de facelo neste tema singular e agora, e non facelo noutros temas. A el parecíalle unha boa idea que se faga, pero había que comparecer sempre.

Destacou que esta obra foi importante para Lalín. A proba era que normalmente no paseo do río Pontiñas había máis xente paseando que no pobo, en concreto referiuse á tarde do domingo que puido comprobar persoalmente.

Era detestable perder o proceso xudicial cun custe máis alto para as administracións públicas do previsto; o preito saíu moi ben para os particulares, pero mal para os cidadáns en xeral que serán os que teñan que pagar en última instancia o custe da expropiación.

De todo o que escoitou ao Sr. Alcalde, afirmou que botaba en falta que non houbera antes máis diálogo en defensa dos intereses públicos, e non só dos intereses privados cos donos das fincas.

Doutra banda salientou que a zona afectada utilizouse para algúns actos polo Concello, como foi para presentar a revista Descubrindo ou para celebrar a Festa Goda.

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo: “ímola recuperar”.

“ Para iso hai que entender ben a historia, antes de organizala”, dixo **Fco. Xavier Vilariño Taboada**.

Pero seguiu a falar o edil nacionalista, reafirmando que se debeu tentar chegar a un acordo cos veciños antes da sentenza e non estar neste punto en que nos atopamos agora. Amosou a súa disposición favorable e apoio a realizar aquelas xestións tendentes a conseguir o uso e disfrute de dita carballeira polos veciños de Lalín, que apuntou o Sr. Alcalde. Salientou ter dúbidas para saber se no fondo do preito estaba o tema da honra do goberno da Xunta de Galicia daquela ou o rencor da familia. Dixo non ter claro a quen había que botarlle as culpas neste tema se ao Alcalde, ou á Consellería de Medio Ambiente ou a de Política Territorial, pero o certo era o que estaba na mesa para executar algo que saíu mal, e alguén tería que ser o responsable.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** manifestou que na súa primeira parte explicouse razoablemente ben. A C.M.A. e D.S. gardou as formas e o trato foi correcto, pero no fondo actuou mal. Puido pedir a inexecución da sentenza e indemnizar, aínda que pagara o

Concello se non o quería facer. Quería que non se fixera demagogia deste tema, porque era fácil facelo.

Salientou que invitou ao dono ao seu despacho para tentar acadar un acordo. Sostivo que el sempre dixo as cousas claras, e como político non actuaba nunca por orgullo, sobre todo cando hai beneficio social para o pobo. O importante era conseguir o disfrute para os veciños de Lalín desta Carballeira. Agora había que quitar os mobles, a luz, o palco, e o resto e cumprir a sentenza; pero tamén había algo que non era imposible: existía un compromiso de sentarse a falar cos donos cando se trasladen os mobles. “Non era imposible”, afirmou.

Dirixíndose ao voceiro socialista dixo que *“cada un fala da feira segundo lle vai”*. “O seu obxectivo son eu, a Alcaldía, e por iso eu teño as culpas de todo, pero a verdade é que teño as que teño, e non mais, nin da mesma cousa nin da contraria”, destacou. Pídolles rigor.

Eu reuníme cos donos agora. Tamén antes da sentenza intentouse alcanzar moitos acordos, pero pagábaselles pouco e non se lograron. Na primeira reunión ofrecéuselles un prezo razoablemente alto, pero que era menos da metade do que conseguiron agora e, claro está, rexeitárono daquela. Darlles o prezo que pedían entón, sen fallo xudicial, era problemático, e non había técnico algún que subscribira daquela esa cantidade. Doutra banda, díxoselles aos veciños non ao prezo que pedían porque houbera suposto un problema de agravio comparativo con outras expropiacións que se realizaban en Galicia. Esa foi a lectura que facía *Xosé Cuiña*. Non ía pagar máis en Lalín que noutros sitios, porque politicamente era entón impresentable o asunto. Polo tanto si que negociou, e si que participou polo tanto no tema e noutros. Por exemplo nas adquisicións dos viais SG-V3 e SG-V5 o Concello chegou a un acordo cos donos.

El cumpriu coas súas responsabilidades. A obra era emblemática aínda que non era perfecta, e en xeral todas as obras importantes valen moito a pena, como todas, pero traen problemas. A esta obra do paseo do río Pontiñas déuselle moitas voltas. Sucedeu coma no Concello, a obra da Ute Proinsa-FCC está como está porque falta o acordo do xuíz. E *¿disto tamén eu teño a culpa?*. Nesta situación non sabe aínda cando se acabará a obra do Concello. Si sabe como vai outra obra municipal, a do futuro Lalín Arena, obra que vai de acordo co contrato.

Reiterou que *D. Xosé Cuiña Crespo* non sabía que Augas de Galicia non podía expropiar esa parte da Carballeira, e coidaba que ninguén llo dixo. De sabelo, o houbera feito por medio da Consellería de Medio Ambiente.

A D. Fco. Xavier Vilariño Taboada díxolle que comparecía por todo o que se lle pedía, e explicaba sempre todo o que había, mesmo o do parking; un metro menos de altura do parking non supuña nada cando se estaba a facer a obra e antes de que fora enterrado. De sabelo o houbera feito; pero nin un só técnico municipal dixo que a obra estaba mal.

Rematou o Sr. **Manuel María González Aller** aludindo a algún contacto coa familia dona da carballeira, e a posición da mesma favorable a chegar a un acordo, encontro que tivo lugar ao parecer co gallo dunhas festas de Donramiro; logo deste encontro, cambiaron as relacións e converteuse nun tema persoal do Alcalde. Coidaba que puido conseguirse un acordo cos donos antes e mesmo agora. Dixo non estar de acordo coas verbas escoitadas do Sr. Alcalde, e reiterouse no xa dito anteriormente.

**D. Xosé Crespo Iglesias** afirmou que non existía esa posibilidade, e que o voceiro socialista estaba totalmente equivocado; logo lle podo contar os motivos e outras razóns, díxolle Crespo.

*Con esta intervención deuse por rematada esta comparecencia.*

## **7.- MOCIÓNS DO PP.-**

### **7.1.- MOCIÓN DO PP SOBRE A SOLICITUDE DE MELLORAS NA ATENCIÓN SANITARIA DOS VECIÑOS DE LALÍN:**

A Presidencia deu conta desta moción do Sr. Alcalde, do día 17-6-2008, con entrada municipal do mesmo día e nº de rexistro 3510. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Emigración e Igualdade do día 23 de xuño de 2008.

*Sendo as 11 horas e 16 minutos marchou D. Xosé Crespo, quedando D. Camilo González Bodaño como Presidente, e o total de asistentes en 11 do P.P., 5 do PSdeG-POSE e 3 do BNG.*

Nas intervencións dos grupos o voceiro popular **D. Román Rodríguez González** indicou en primeiro lugar que o Concello non renunciaba a contar cun hospital. O Concello cumpriu a súa parte e encargou a elaboración dun estudo de viabilidade e a Consellería quedou en facer outro, que non fixo. No seu lugar a Sra. Conselleira anunciou que habería en Lalín un Centro de Alta Resolución. “O que queremos é que haxa un informe do organismo competente sobre a viabilidade dun hospital”, indicou.

O tema do CAR estaba moi mal prantexado por parte dos responsables da Consellería. Presentouse xa na precampaña das eleccións municipais do ano 2007 e coas voltas que deu, parecía todo un “culebrón de despropósitos”. Daquela **D. Manuel María González Aller** afirmou que este centro estaría rematado entre os anos 2008-2010 e que empezaría a construírse este mesmo ano 2008. Logo veu a Sra. Conselleira manifestando na prensa que xa funcionaba en Lalín.

De todos modos benvido sexa este centro, pero sí había que criticar o uso electoral e partidista que deste tema facía o goberno autonómico da Xunta de Galicia, nun eido como era a sanidade que empeorou moito nos tres últimos anos. A verdade era que Galicia estaba á cola en atención sanitaria no conxunto do Estado, poñendo como exemplo as listas de espera e o feito de que no ambulatorio debía haber tres pediatras e so había un ou un e medio.

O que se quere desde o Concello é que se diga o terreo que se necesita para construír este centro, as condicións e as características do inmovible e que elo se pida con tempo suficiente, para que logo non se reclamen estes datos dun día para outro, rapidamente e sen tempo. Lembrou que había unha parcela municipal dispoñible situada tras o edificio do actual ambulatorio que se podía ofrecer para este fin, se o pediran. En resume, insistiu en reclamar datos sobre o terreo que se precisa para construír este centro.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** sinalou que este era un tema falado xa moitas veces antes e había un posicionamento claro de todos os grupos. Coidaba que non se falou coa Concelleira Delegada para que se asesoraran, e parecíalle estraño este feito.

Escoitou as verbas expostas polo voceiro popular e non viu que se dixera que se desmantelou en Lalín o laboratorio que houbo durante moitos anos nin outras deficiencias imputable á etapa anterior do goberno da Xunta de Galicia. Pola contra, el quería destacar o feito de que desde que entrou o novo goberno autonómico había un servizo de fisioterapia polas tardes, que pronto habería raios X e que tamén se contaba xa cunha traballadora social que antes non había. O que se dixo de que en Lalín aumentaron as listas de espera non era certo, porque en Lalín nunca houbera esas listas, se ben se pide e se da vez para acudir ó CHUS.

O seu grupo estaba a favor agora de construír un CAR en Lalín, porque era a solución máis viable e máis factible de todas. Lembrou que el estivo a favor do hospital hai anos e foi un dos primeiros en reclamálo cando xurdiu este tema. Tamén destacou que o Concello fixo un estudo de vergonza sobre a viabilidade do mesmo, incidindo en que mesmo os propios técnicos que o espuxeron se avergoñaban do dito traballo.

Rexeitou as supostas declaracións súas indicadas polo voceiro do goberno. Si dixo que o problema abordaría no ano 2008, e que cun plan funcional que contemplase as necesidades, estaría resolto este tema.

En suma a moción obedecía a un despropósito máis, en vez de falar coa xente do CHUS que era o que había que facer. Afirmou que os responsables de sanidade dixeran que o primeiro CAR sería para Lalín, e tamén o dixo o actual xerente do Xergas, pero non especificou que houbera xa un CAR en Lalín.

En resumo, eles estaban de acordo coa petición da moción, pero sempre que quitaran o corpo da moción, é dicir a súa parte expositiva, porque estaba chea de falsidades, de verbas malintencionadas e de inexactitudes. Con esta parte da moción retirada, apoiarían a iniciativa.

Desde a formación nacionalista **D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón** salientou que as posturas neste tema estaban claras. Entendía que as argumentacións da portavocía governamental eran absurdas e non entendía as posibles contradicións que podían existir entre a profesión da edil delegada, coa súa ética profesional, e a súa actividade política. Sinalou que leu a moción e resaltou que na mesma faltaban algúns aspectos. Por exemplo non especificaba os anos que a sanidade estaba mal; “menos mal que non o facía”, dixo. Sobre o hospital, indicou que na moción dicíase que Lalín espera o hospital, pero *¿non faltaba antes tamén?* Só falta agora polo visto. Houbo un incumprimento da Xunta de Galicia porque non fixo o estudio, pero tamén era certo que antes co anterior goberno autonómico tampouco houbo melloras na sanidade de Lalín, mesmo empeorou.

Estaba en desacordo coa iniciativa por varios motivos, entre eles porque o que se dicía non era certo: a atención sanitaria no ambulatorio non era de segunda categoría como se sostíña na moción. En canto as referencias ás listas de espera, cumpría destacar que este tema non era novo, e ditas listas incrementábanse e reducíanse segundo convíña ou se quería pola administración que estivo ou estaba no goberno autonómico; e en isto era experto o P.P. Finalmente parecía lóxico que o Sergas dea un prazo como di o Alcalde para falar e pedir os datos dos terreos, porque hai responsables sanitarios e temos un presidente na Xunta de Galicia. Pero de todo isto, si había que sacar unha conclusión, esta era que había unha inoperancia do grupo de goberno que non é capaz de pedir, de conseguir a información, nin de xestionar este tema.

Desde o grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** dixo entender a posición e estratexia política do BNG, equidistante duns e outros. Antes eran malos os datos de sanidade, e agora tamén seguen a ser negativos, pero a formación nacionalista cambiou a postura.

A intención municipal de mellorar a sanidade estaba clara, xa que fixo nun estudio do hospital; logo veu a Sra. Conselleira e deu a noticia en Silleda de que non valía para nada dito estudo, pero non fixo outro a Consellería.

A ética profesional e a política querían diferencialas. Non utilizaban a información do traballo para a actividade política, porque coidaban que non era bo e era mellor separalo. O certo era, en relación co exemplo anteriormente citado, que había que mellorar e poñer tres pediatras e hoxe só había un. Esta situación non é lícita nin moral.

Dirixíndose a *D. Manuel María Aller*, díxolle: “mintes ti” e mostroulle dous periódicos de data de xaneiro deste ano, da Voz de Galicia e do Faro de Vigo nos que ao parecer se daban noticias da construción do edificio do CAR e no que se afirmaba que se empezaría este ano, e logo a Sra. Consellería declaraba que xa estaba en funcionamento. En suma, a Consellería de Sanidade entendía que xa funcionaba isto en Lalín, o cal non era certo. Foi unha “metedura de pata” dos responsables da consellería e non o recoñecían aínda hoxe, algo que era pura soberbia. Eles as veces tamén a metían e non pasaba nada por elo, sinalou. Doutra banda, o Concello non rexeitou o CAR. O Concello cumpriu a súa parte e encargou e presentou un estudo de viabilidade do hospital, pero a Xunta de Galicia non cumpriu a súa parte do acordo e non redactou o seu. Con outro ton, afirmou que o único que merecía a pena destacar desa Consellería de Sanidade era que os equipos directivos cambiaron varias veces, pero que a Sra. Conselleira permanecía no seu posto. En resumo o que se pedía desde o Concello era saber o terreo que fai falta e as súas características para construír este centro”.

De novo no uso da palabra ***D. Manuel María González Aller*** salientou que lle parecía raro que o voceiro sostivera que deste tema non comentara nada coa súa Concelleira Delegada e reafirmouse en que non vía contradición entre a súa profesión e o seu cargo de edil. Sobre o tema do pediatra comentou que: “si vai de noite ao mellor non hai ningún de servizo”.

En todo caso quixo deixar claro que na moción había inexactitudes por non dicir malas intencións, que o estudo de viabilidade feito polo Concello non era nin serio nin rigoroso e que non servía para nada. Agora, neste intre, coidaba que o fundamental para o Concello era darlle contido, servizos e destino ao futuro edificio do CAR e aportar os terreos necesarios para construílo. Para determinar todos estes datos, dos terreos e das súas características, o grupo de goberno debía moverse xa e intentar entrevistarse e negociar cos responsables autonómicos de sanidade para iso, para dar contido e servizos ao futuro CAR. Isto era o importante e rematou insistindo neste tema.

Rematando a súa rolda ***D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón*** sinalou sobre a afirmación do voceiro popular que os altos cargos íanse porque se quedaba a Sra. Conselleira de Sanidade. Salientou que a información e o texto da moción eran contrarios ao que se pedía na mesma e podía resultar contraproducente.

Afirmou que en realidade no eido sanitario estabamos diante dunha política nada clara: nuns temas había melloras sobre o sistema anterior, pero noutros todo seguía igual. Tamén existía unha certa marxinación da sanidade pública fronte á privada, á que se favorecía, como se fixo coa iniciativa privada cando gobernaba o PP. Este era un dos problemas básicos da sanidade.

Finalizou a súa intervención sostendo que o recollido na moción resultaba esaxerado e se estaba a crear unha alarma innecesaria entre a poboación de Lalín sobre este tema. En suma, o seu grupo non estaba de acordo coa moción.

Finalmente ***D. Román Rodríguez González*** dixo que eles non actuaban de costas á concelleira delegada, pero reiterou que procuraban non utilizar na actividade política a información procedente da actividade profesional da edil delegada. Reiterou que o hospital público defendeuse desde o Concello. Sobre o CAR, afirmou: “benvido sexa”. Pero

preguntou: *¿cantos metros fan falta?* Non se sabe, poden ser entre sete mil e dez metros na súa idea, pero non hai cifra exacta.

Houbo un pequeno debate co **Sr. González Aller** sobre este tema dos metros dispoñibles, sen precisar cifra algunha.

*Sometida a votación ordinaria, a mal alzada, tivo lugar o seguinte resultado:*

*Votos a favor: once (11) que foron do P.P.*

*Non: oito (8), dos que cinco foron do PSdeG-PSOE e foron tres do BNG.*

*Abstencións: ningunha.*

*En consecuencia, **APROBOUSE A MOCIÓN**, en base aos seguintes antecedentes:*

A atención sanitaria é un dos servizos máis esenciais para a comunidade. No caso dos veciños de Lalín, esta prestación estase a converter nunha preocupación debido ao progresivo deterioro dos servizos que presta o actual ambulatorio, tanto polo incremento das listas de espera como pola ausencia permanente de facultativos. A esta situación de malestar engádese o incumprimento constante das promesas de mellora por parte da Xunta de Galicia.

Neste momento, lonxe de reducir as listas de espera para citas en especialidades médicas atendidas no ambulatorio lalinense, estase a producir o efecto contrario. En concreto, estanse a dar as primeiras citas para consultas de xinecoloxía para dentro de dezaioito meses ou de traumatoloxía para dentro dun ano, sen contar os máis de dous anos que tardan en atender unha revisión no servizo de uroloxía do Hospital Clínico.

Os veciños de Lalín non poden continuar recibindo unha atención sanitaria de segunda categoría e para evitar isto desde o Concello lalinense fixéronse importantes esforzos co fin de impulsar a construción dun Hospital Comarcal (redactando un completo estudo de viabilidade e recabando os apoios da gran maioría dos colectivos sociais do municipio). Este traballo viuse abaixo o pasado mes de febreiro cando a Sra. Conselleira de Sanidade anunciou publicamente a decisión do seu departamento de rexeitar a opción de construír o Hospital Comarcal, e de poñer en marcha un Centro de Alta Resolución en Lalín.

O proxecto de construción dun Centro de Alta Resolución en Lalín naceu cun claro tinte “electoralista”, xa que o primeiro anuncio fíxoo un concelleiro socialista o 26 de xaneiro de 2007, xusto a véspera de ser proclamado candidato á Alcaldía de Lalín nas últimas eleccións municipais. Ademais, a súa ousadía levouno a fixar para o presente 2008 a data da súa construción; pero a realidade é que a día de hoxe, e máis de un ano despois de celebradas as eleccións locais, non se sabe máis nada deste proxecto sanitario para o Concello de Lalín.

A partir do anuncio feito polos socialistas lalinenses, o proxecto contou co apoio dos gobernantes socialistas tanto na Xunta de Galicia como do Goberno Central, apoio amosado nunha serie de visitas “partidistas” ao noso Concello, coa vista posta nas citadas eleccións locais:

1. O 22 de marzo de 2007, a Conselleira nun acto con militantes socialistas aposta polos Centros de Alta Resolución fronte aos hospitais para os ámbitos comarcais.

2. O 27 de abril de 2007, o Xerente do Complexo Hospitalario de Santiago presenta o Plan Estratéxico Avante 2012, no que se inclúe o Centro de Alta Resolución de Lalín.

3. O 8 de maio de 2007, o Secretario Xeral do SERGAS visita o ambulatorio lalinense acompañado de concelleiros socialistas e garante a construción dun centro sanitario de alta resolución en Lalín.

4. O 23 de maio de 2007, a Ministra de Sanidade prioriza ante militantes socialistas lalinenses un Centro de Alta Resolución sobre un hospital no Deza.

Sen embargo, unha vez pasadas as eleccións locais, o furor por esta infraestrutura sanitaria difuminouse ata o punto de converterse nunha farsa e nunha “*tropelía*” para Lalín. Así, a propia Conselleira de Sanidade asegurou textualmente, no mes de decembro de 2007, que “*Lalín xa ten Centro de Alta Resolución*”, argumentando que xa se puxo en marcha no mes de setembro unha consulta de alta resolución en cardioloxía, atendida por un só facultativo e un só día a semana.

A pesar de todas estas “visitas” a Lalín e das solicitudes de información realizadas desde o goberno local, en ningún momento facilitouse información clara acerca do que é un Centro de Alta Resolución, non se precisou se farán falta terreos para a súa construción e posta en marcha e o que é máis importante, cando se vai facer realidade. Desde o grupo de goberno consideramos que ter esta información é fundamental para o futuro da atención sanitaria dos nosos veciños.

Xa que logo, despois de saber a través da prensa que a Consellería de Sanidade desbotou a construción do Hospital Comarcal, estamos dispostos a poñer todo o que estea na nosa man para conseguir a construción do Centro de Alta Resolución. Para elo, sería necesario coñecer os prazos de construción do Centro de Alta Resolución que manexa a Consellería de Sanidade, así como as posibles necesidades de terreos para levalo a cabo, e ter así tempo suficiente para conseguilos e poñelos ao seu dispor.

Por este motivo, o Pleno da Corporación Municipal **ACORDOU**

**Solicitarlle á Consellería de Sanidade que remita a este Concello de Lalín unha información o máis completa posible sobre o Centro de Alta Resolución previsto para Lalín, tanto no que atinxe ao seu funcionamento, como aos prazos para a súa posta en marcha, incluída a posible necesidade de terreos para a súa construción.**

## **7.2. - MOCIÓN DO P.P. SOBRE O ARRANXO DAS ESTRADAS DE TITULARIDADE AUTONÓMICA AO SEU PASO POLO CONCELLO DE LALÍN.-**

Deuse conta pola Presidencia da moción de data 6 de xuño de 2008 con entrada municipal do día 6 de xuño e nº 3177. De seguido o Sr. Secretario leu o ditame favorable da

Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Servizos comunitarios do día 23 de xuño de 2008.

Na rolda de voceiros **D. Román Rodríguez González** explicou a moción do grupo popular indicando que despois de facer as infraestruturas, o mantemento era o importante e o que se vía era que isto non existía coa suficiente entidade como para manter en estado de uso as estradas.

O voceiro socialista **D. Manuel María González Aller** sinalou que lle estrañaban as carencias recollidas na moción marcadas por este Concello, porque tamén había vías e pistas locais do Concello. Aludiu a algúns dos problemas existentes como eran os da estrada á Serra do Candán e os da rotonda de Botos. Sobre o estado dos viais da zona de Donramiro indicou que eran responsabilidade do Concello que era o dono da estrada. Tamén cuestionou outros aspectos, como eran que dende a rotonda partindo da escultura da folla do bacallau (*Venus de Deza, Acisclo Manzano*), ata Carragoso había so uns catrocentos metros. Segundo el, era fácil pedir e logo non facer nada. Sobre a moción afirmou que estaban a favor porque eran cousas puntuais as que se pedían, como sucedeu coa estrada de Rodeiro. Nalgúns casos pasados era pedir por pedir, sobre algo que xa estaba aprobado, como foi cando se pediu darlle unha capa de rodadura a dita estrada. Noutros casos si era certo como era a rotonda de Botos que si estaba mal e había que arranxala.

Por alusións, **D. Camilo González Bodaño** dixo que a moción referíase ata mais alá, ata a zona do Toxo.

*Ás 11,50 horas abandonou temporalmente a sesión D. Manuel Miguélez Montoto, quedando o PSdG-PSOE con 4 concelleiros, con 11 o PP e con 3 o BNG e o número total de asistentes á sesión en 18.*

Pola formación nacionalista **D<sup>a</sup>. Guadalupe Nóvoa Carballude** dixo que o seu grupo entendía que o que tiña que facer a administración era cumprir as obrigas e os acordos adoptados; deste xeito non habería que volver a meter mocións. Afirmou que non se trataba de construír novas vías, senón de asumir e de facer previsións da conservación das mesmas. Por último, pediu que o Concello faga o propio e manteña tamén os seus camiños e vías locais.

Rematou o debate **D. Román Rodríguez González** para pedir á Consellería o que se dicía na moción, sinalando que antes noutras sesións a oposición pedía ao Concello o arranxo de vías, e agora o Concello solicita a outras administracións que faga tamén o propio.

Sometida a votación ordinaria, a man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes que inclúe os seguintes: *once (11) do P.P., catro do PSdeG-PSOE, tres do BNG e unha abstención de D. Manuel Miguélez Montoto (por non estar presente no momento da votación) aprobouse a moción, en base aos seguintes antecedentes:*

A totalidade das vías de titularidade autonómica, que parten do casco urbano lalinense e discorren polo termo municipal, presentan na actualidade unhas condicións inadecuadas para garantir uns mínimos niveis de seguridade vial. Ademais, esta situación agrávase pola elevada intensidade do tráfico que soportan.

Estas estradas autonómicas levan varios anos sen ser reparadas e as súas deficiencias estruturais maniféstanse principalmente no mal estado do firme. A capa de asfalto está moi gastada e cada poucos metros hai socavóns e fendas.

Todas estas deficiencias incrementan o risco de accidentes de circulación e provócanlle aos veciños as incomodidades derivadas de conducir os seus vehículos por estradas mal pavimentadas e con firme esvaradío nalgúns treitos.

Por outra banda, tamén cumpre reparar os camiños de servizo para mellorar a circulación dos vehículos agrícolas. Estes viais están moi deteriorados debido ás precipitacións rexistradas nos últimos meses, polo que no seu percorrido hai fochancas e buratos.

Esta situación prexudica enormemente aos agricultores e gandeiros e, nalgúns casos, imposibilítalles o acceso ás súas propiedades.

En concreto, trátase das seguintes estradas:

- **ESTRADA LALÍN-VILA DE CRUCES (PO-206):**
  - No treito inicial, que vai desde a rotonda de entrada a Lalín pola N-525 (escultura de Venus do escultor Acisclo Manzano) ata a rotonda da Avenida de Cruces (Carragoso), nunha lonxitude aproximada de en torno a 2,5 quilómetros.  
*Deficiencias que presenta: múltiples socavóns e pavimento cuarteado.*
- **ESTRADA LALÍN- POLÍGONO DE BOTOS (PO-534):**
  - Treito: desde Lalín á rotonda do Empalme, co entronque da PO-902 (estación de Botos). Lonxitude aproximada: 2 quilómetros.  
*Deficiencias que presenta: baches na rotonda da Estación, con grava solta.*
- **ESTRADA LALÍN-O IRIXO-CARBALLIÑO (PO-902):**
  - Treito: desde Lalín ata á Ponte do Navallo (A Xesta).  
*Deficiencias que presenta: numerosos baches e capa de rodadura moi agretada.*

A maiores, as devanditas estradas soportan todas elas un elevado tráfico de vehículos a diario, circunstancia que propicia o seu deterioro. Os datos do último informe de aforos de tráfico da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (CPTOT), referidos ao ano 2007, revelan que a capital dezá é un punto de paso obrigado dos vehículos pesados, dato que evidencia o peso do sector empresarial e de servizos neste Concello. Así mesmo tamén constitúe un importante punto de saída cara outras localidades.

No devandito estudo da CPTOPT reflíctese que o tráfico nas vías de titularidade autonómica que pasan por Lalín se viu incrementado considerablemente respecto ao ano 2006. En concreto recolle que é a PO-533, entre Lalín e Rodeiro, na que máis medrou o tráfico con respecto ao exercicio anterior, un 10,2%, o que supón unha media de 3.752 tránsitos por día. Séguelle a PO-534 con 5.645 vehículos diarios e cun incremento do 8,3% respecto a 2006. Das restantes dúas estradas dependentes da Xunta que pasan polo casco urbano lalinense o informe de aforos da Consellería non ofrece datos sobre os tránsitos diarios (tampouco explica as razóns de non facilitarillo). En todo caso é apreciable para calquera persoa que, tanto na PO-206 (Lalín-Vila de Cruces) como na PO-902 (Lalín-límite con O Carballiño), o tráfico vai en aumento ano tras ano.

Por todas estas razóns o Pleno da Corporación Municipal **ACORDOU:**

Instar á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (CPTOPT) a que acometa, coa máxima celeridade posible, as obras de mellora da pavimentación da rede viaria da súa titularidade ao seu paso polo Concello de Lalín nas estradas PO-206: estrada de Lalín-Vila de Cruces, PO-534: Lalín-Botos, PO-902: Lalín-O Irixo-O Carballiño e PO-533: Lalín-Rodeiro).

### **7.3.- MOCIÓN CONXUNTA DO PP E DO BNG SOBRE A TARIFA ELÉCTRICA SOCIAL.-**

Deuse conta pola Presidencias destas mocións. Unha delas do P.P de data 12-6-2008 e con nº de rexistro 3360 e a outra do BNG de data 17-6-2008 e con número de rexistro 3493. De seguido o Sr. Secretario leu os ditames das mesmas do día 23 de xuño de 2008.

Tras deliberación entre os tres voceiros sobre o contido destas dúas mocións, e por **UNANIMIDADE** dos asistentes, que supón once edís do P.P., catro concelleiros do PSdeG-PSOE e tres do BNG, **ACORDOUSE:**

Primeiro .- Instar á Administración do Estado:

- a) A que clarifique e informe como van ser as novas tarifas eléctricas a partir do vindeiro 1 de xaneiro de 2009.
- b) Ao mantemento dunha tarifa con características semellantes á nocturna e á gratuidade do cambio de limitadores, así como a creación de liñas e de subvencións para os custes de adaptación dos equipamentos das vivendas de usuarios/as de Tarifa Nocturna que desexen acollerse á tarifa con Discriminación Horaria.
- c) A introducir na nova regulación eléctrica medidas que favorezan ao sector agrogandeiro e axuden ao desenvolvemento rural, sobre todo no que afecta ás explotacións gandeiras familiares con contador único.
- d) A esixir das compañías eléctricas que rematen coa práctica de cobrar o imposto sobre a electricidade a aqueles consumidores e consumidoras nos casos nos que non existe consumo eléctrico.

Segundo.- Enviar o presente acordo ao Sr. Presidente e ao Sr. Vicepresidente da Xunta e Galicia, para o seu traslado ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

### **8.- MOCIÓNS DO PSdeG-PSOE.-**

#### **8.1.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOLICITANDO Á CONSELLERIA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE APERTURA DOS CENTROS EDUCTIVOS FORA DO HORARIO LECTIVO.-**

Deuse conta pola Presidencia da moción de data 14 de xuño de 2008 con entrada municipal do día 16 de xuño de 2008 e nº de rexistro 3434. De seguido o Sr. Secretario leu o

ditame desfavorable da Comisión Informativa de Formación Social e Cultura do día 23 de xuño de 2008.

En defensa desta moción **D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao** do grupo socialista leu a exposición de motivos. Indicou que co respaldo da Orde publicada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o Concello de Lalín podía acollerse a esta e non quedar á cola. Sinalou que a norma era retroactiva e aplicable ao día un de xaneiro deste ano, indicou, contemplaba a posibilidade de subvencionar ata 33.000 €, dos que o oitenta por cento págaranos a Xunta de Galicia e o vinte restante, o Concello. Segundo ela debíanse solicitar estas axudas porque beneficiaban á poboación escolar e Lalín contaba con centros educativos suficientes para levalo a cabo, e mesmo tamén estaba pensada a Orde para os colexios da zona rural. Había dúas posibilidades de acollerse a este plan e alcanzaba a alumnos de todas as idades. Por último afirmou que esta era a primeira vez que se sacaba unha normativa así en Galicia .

De seguido mostrou un folleto informativo, indicou si podía ser, que constara na acta o seu texto, e interrompeu o debate para cualificar de vergonzosa a actitude dalgúns concelleiros demais concelleiros e reclamar un mínimo respecto porque interrompían constantemente as intervencións e non paraban de falar.

**O Sr. Secretario** dixo que non tiña inconveniente en meter na acta o texto de dito folleto divulgativo, pero sempre que fora aprobado na sesión.

Finalmente repetiu a **edil socialista** que resultaba conveniente acollese á Orde e pedir as axudas previstas, destacando que mesmo a nivel da Fegamp, incluído o seu Presidente, había un especial interese en que todos os Concellos se acollan a esta Orde, porque era en beneficio de todos.

Desde o grupo nacionalista estaban de acordo coa idea. Así o espuxo **D<sup>a</sup>. Guadalupe Nóvoa Carballude**. Dixo que as instalacións públicas eran para o uso de todos, e pediu, que no tema dos conserxes a maiores do recollido na moción, estes continuen vixiando os centros educativos, para facer posible o uso de ditas instalacións.

Polo grupo gobernante **D. Manuel Gómez Estevéz** salientou que onte estivo en Santiago asistindo a unha reunión sobre este tema. Da mesma sacou que a Orde non interesaba a ningún ou a moi poucos, porque non era moi clara. Non era serio dicir que interesa a todos, e aos tres días da Orde presentarse a moción sen máis.

O Concello estaba a estudar e mirar a través do órgano competente e dos servizos correspondentes para solicitar a subvención é a Xunta de Goberno Local, e non o Pleno, porque parece que viña a sesión para lucirse. En resume considerou que estaba a elaborar un proxecto sobre este tema. Entendía que si pasado o día sete de xullo, data en que remata o prazo, non se houbera acollido o Concello a esta Orde, entón si que debería haber críticas da oposición ao goberno municipal. Agora, se estaba a elaborar o proxecto e había dúbidas nesta fase coa interpretación da propia Orde, por exemplo sobre a continuidade ou non da mesma. O proxecto que se estaba a elaborar contemplaba isto e as actividades.

De novo **D<sup>a</sup> Marta Lázara Fontao** insistiu en reclamar participación do Concello nesta Orde, porque o que se pedía non era ilegal e nada ficticio, entendendo que, de rexeitar o grupo de goberno esta moción, votarían en contra do propio Concello.

Houbo de seguido un debate entre **a edil** no uso da palabra e **D. Manuel Gómez Estevez** sostendo este último que o acordo municipal, de adoptarse, sería o de aprobar o proxecto que se presente no seu día (no futuro) e non pedir, sen saber o que se pedía; en segundo lugar a Orde non estaba clara porque parece que as instalacións deben estar en perfecto estado correndo isto de conta do Concello; e finalmente porque a responsabilidade civil sería do Concello que, ademais de facerse cargo de todo o anterior, debía pagar o vinte por cento do total das actividades.

Desde o grupo nacionalista **D<sup>a</sup>. Guadalupe Nóvoa Carballude** reiterou o apoio do seu grupo a esta iniciativa.

*Sendo as 12 horas e 10 minutos incorporouse á sesión D. Xosé Crespo Iglesias, asumindo a Presidencia e quedando con doce o P.P, con catro o PSde G-PSOE e con tres do BNG.*

O Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias**, dixo que o grupo de goberno rexeitaría a moción, porque estaba a elaborar os seus proxectos e acolleríase á Orde.

*Neste intre abandona temporalmente a sesión D. Camilo González Bodaño, quedando con once edís o PP, catro o PSdG-PSOE e tres o BNG.*

*Na moción pedíase demandar do goberno municipal que solicite á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a participación no programa de apertura de centros educativos públicos fora do horario lectivo, aportando o proxecto correspondente.*

Sometida a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada a moción, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), dos que catro foron do PSdeG-PSOE e tres do BNG.

Votos en contra: dez (10) do PP.

Abstencións: unha de D. Camilo González Bodaño por non estar presente no momento da votación.

**Xa que logo REXEITOUSE a moción.**

## **8.2.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PEDINDO A CREACIÓN DUN PLAN MUNICIPAL INTEGRAL DE ACCESIBILIDADE E A ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS EN LALÍN.-**

A Presidencia deu conta desta moción de 12 de xuño de 2008, rexistrada co número 3367 do mesmo día, que conta co ditame desfavorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Emigración e Igualdade do día 24 de xaneiro de 2008, que leu o Sr. Secretario.

A defensa desta moción correu a cargo de **D<sup>a</sup>. Beatriz García Iglesias**. Sinalou que había que facilitar a accesibilidade a determinados colectivos, e non so aos que veñan a facer algúns trámites ao Concello, senón que ademais había que estendelo tamén a outros campos empregando outros sistemas nos transportes e ó PXOM. Indicou que ao parecer no período 2004-2012 se levaría a cabo un plan coa Fegamp e había que enterarse e acollerse se

puidera ser; tamén había que tratar de difundir e de aplicar a normativa autonómica nesta materia e con base no art. 32 pedir as subvencións ás Comunidades Autónomas.

*Neste intre reincorpórase á sesión D. Camilo González Bodaño, quedando con doce edís o PP, catro o PSdG-PSOE e tres o BNG.*

Tamén estaba nesta liña a voceira nacionalista. **D<sup>a</sup>. Guadalupe Nóvoa Carballude** indicou que este punto tamén ía no seu programa político, e que facía falta abordar en serio este tema cun conxunto de actuacións e a partir dun estudo de campo, que contemple os puntos negros e no que estean implicadas persoas que teñan dificultades para actuar.

*Neste instante abandona temporalmente a sesión D. Manuel González Aller, quedando con doce edís o PP, tres o PSdG-PSOE e tres o BNG.*

Desde o grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** salientou que a moción era típica e reiterativa doutras anteriores. O que se pedía era unha práctica habitual do Concello e sostivo que nas obras novas que se acometían xa se contemplaban estas medidas para favorecer a accesibilidades a eses colectivos afectados. Sobre as obras xa feitas, sostivo que as mesmas vanse arranxando segundo os medios e a dispoñibilidade existente. Doutra banda lembrou que xa había un servizo de transporte adaptado que se prestaba desde o Concello, en concreto o programa *Anta* para persoas con minusvalía. E por elo coidaba que non lle parecía necesario elaborar un plan neste eido. *“Fanse cousas xa por este Concello, segundo os medios dispoñibles”*, afirmou. Rexeitarían a moción

*Na moción pedíase a creación dun Plan Municipal Integral de Accesibilidade e Eliminación de barreiras arquitectónicas que permita a necesaria integración na vida do noso municipio aos veciños e veciñas con discapacidade.*

A seguir do debate, votouse a moción ordinariamente e a man alzada e acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6) dos que tres foron do PSdeG-PSOE e tres (3) do BNG.

Votos en contra: doce do P.P.

Abstencións: unha de D. Manuel González Aller por non estar presente no momento da votación.

Xa que logo **REXEITOUSE** a moción, que é do seguinte tenor:

*Neste momento reincorpórase á sesión D. Manuel González Aller, quedando con doce edís o PP, catro o PSdG-PSOE e tres o BNG.*

### **8.3.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOLICITANDO A COMPARECENCIA DA ALCALDIA SOBRE AS OBRAS DO PARKING DA PRAZA DE EUROPA.-**

Na intervención desta moción **D. Manuel María González Aller** do grupo socialista explicou que a semana pasada ditouse a sentenza que obriga á demolición do parking sito na Praza de Europa. Este lugar é un espazo importante e amplo que estaba infrautilizado desde hai anos polos veciños de Lalín e había que destacar que nesa zona faltan parques e espazos libres para os veciños. “Nós xa dixemos que a construción desta obra non era correcta, porque entre outros motivos, o parking construído non era subterráneo como debía ser, e non o é. Esta “mole”, sostivo, se executou a pesar das advertencias que se fixeron.

Pero desde o grupo de goberno esta praza só se viu cunha única lupa”. Lembrou que xa en 2003 o seu grupo político dubidaba que esta obra fora legal; logo fixemos algunhas preguntas sobre a zona verde e a superficie e a segunda sobre se esa obra era legal. O Alcalde dixo entón que si, que a obra estaba ben, e que era legal. No ano 2004 volvimos preguntar por este tema e non se conseguiu nada.

Nos pois adiantábamnos antes das sentenzas, e dixemos daquela que había un problema técnico. Agora a sentenza é clara: a obra proxectada é excesiva, e executouse aínda peor. Hai pois dúas cousas graves: unha infracción urbanística grave e a xustificación desta infracción polo grupo de goberno.

Preguntou ao mesmo: *¿Cantos cargos custou a defensa legal do Concello neste preito?, ¿cantos cartos se gastaron xa no proceso? ¿Vaise retrasar a solución desta situación?*

Como grupo político pedían que se depurasen as responsabilidades que puidera haber ou que había neste expediente e sobre todo as responsabilidades políticas.

Sometida a votación ordinaria a man alzada a solicitude de comparecencia por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aceptala, e mesmo nesta sesión. En consecuencia, comezou a comparecencia.

**D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que o proceso que houbo non foi como dixo o voceiro socialista porque facía parecer como mentira o que era verdade. O parking construíuse coa normativa vixente. Segundo os peritos ten sesenta centímetros máis de altura do permitido. Entre as rúas A e B había un desnivel do terreo importante. Para realizar a obra fixo falta buscar un equilibrio e a rasante do terreo situado entre as ditas rúas. Os técnicos municipais e da empresa levaron a obra. A decisión de facelo foi política, pero o modo de execución foi unha cuestión técnica. O informe municipal di que a obra cumpre, pero o da parte denunciante sinala que a obra non cumpre coa lei; e o perito xudicial di que ten eses sesenta centímetros sobre a rasante. A responsabilidade política, entendía, era a de sacar adiante a obra e o servizo do parking, é dicir, a decisión de facelo. A necesidade non foi cuestionada por ninguén, e se tramitou mediante concurso público con pública licitación e resultando gañadora, Portas y Acuña S.A. Cando se estaban a facer as obras de construción do parking, houbo conflito cunha familia con fincas próximas e debido á instalación da concha acústica e logo polo resto da obra, derivando finalmente todo nun preito xudicial.

*Sendo as 12 horas de 29 minutos abandonou definitivamente a sesión D. José Antonio González González, quedando con once o P.P. catro o PSdeGPSOE e con tres o BNG.*

Volveu salientar que a responsabilidade política era a de facer o parking. A licenza municipal deuse cos informes favorables dos técnicos municipais. Os terreos afectados estaban comprendidos entre a rúa A e B e había entre ditas rúas un desnivel duns sete ou oito metros. A dificultade era clara pois. Non se conseguiu salvar o tema e neste asunto, dixo: *“foi todo unha metedura de pata técnica”*.

O problema foi coa concha acústica. Aínda non rematou o preito e houbo unha reunión estes días pasados. No Concello temos medios suficientes e o avogado cobrou ata agora unha parte do que lle corresponde. Houbo na licitación desta obra dúas ofertas: unha foi a de Portas e Acuña S.A., que foi a adxudicataria; e a outra oferta era doutra empresa e non tiña cor.

Salientou que, cando se botou a planchada da segunda planta, tivo unha reunión cos técnicos municipais e da empresa, e preguntoulles se a obra, que xa ía algo alta, estaba ben e correcta. Dixéronlle que si, e el non dubidou deles. Se houbera habido opinións contraditorias

entre os técnicos da empresa e os do Concello, tería xa encargado outro informe independente, indicou.

Desde o grupo nacionalista **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** destacou que a zona afectada era moi céntrica e debera ser moi utilizada polos veciños. Por isto non entendía que non se lles permita ós veciños o uso da mesma, porque levaba moito tempo así, sen uso algún. “Non é que sexa unha carallada o parking, e que era unha autentica carallada”, afirmou. Non valía escudarse nos técnicos á hora de explicar o que sucedeu, porque as obras non as deciden nin as inauguran eles, senón os políticos. O bo, pero tamén o malo, ten que ser para os políticos.

A eles preocúpalles o importe dos gastos gastados neste asunto, porque a sentenza, en última instancia pagarana os veciños de Lalín. A día de hoxe pagáronse uns catorce mil euros e faltaban máis por abonar.

“É unha aberración a obra que se fixo”, sostivo. O que se fai agora era marear e non tomar unha decisión clara e definitiva que permita desbloquear a situación e permitir con elo o seu uso polos veciños, evitando así gastar máis cartos. Para o seu grupo non era unha sorpresa recorrer. Vaise recorrer a sentenza por honra en algo que non hai esperanzas de gañar. Por isto, por honra, e non por crer que se vai gañar, se seguiu antes e se continua agora cos preitos.

*Sendo as 12 horas e 34 minutos reincorporouse á sesión D. Manuel Miguelez Montoto, quedando o PP con once concelleiros, o PSdG-PSOE con 5, e o BNG con 3.*

#### Preguntas que formulou o Sr. **D. Manuel María González Aller**:

Tendo en conta que o proxecto foi informado polos técnicos e logo se fixo caso omiso do mesmo na execución da obra.

1.-¿Segue vostede afirmando que a concha acústica é legal e que o proxecto se axusta á lei?

2.- ¿Considera que a superficie edificada no dito parking é a mesma que a que figura no proxecto?

3.- ¿Quen é o encargado de mandar executar as obras e de vixiar para que estas se realicen con suxeición ao proxecto aprobado?

4.- ¿Quen deu licenza de uso ou de funcionamento do parking e da Praza de Europa?

5.- ¿Ten calculados o Concello os importes das indemnización a satisfacer ao concesionario pola supresión de prazas de estacionamento do parking durante os anos de duración que quedan da concesión, a consecuencia da sentenza?

6.-¿Ten constancia esa Alcaldía de que durante o proceso de escavación das obras do parking houbo problemas?

7.- ¿Por qué se vai continuar outros tres anos ou máis cos preitos?, e ¿por qué ese empecinamento en continuar cos preitos desfavorables e privar aos veciños do uso desta praza?

#### **Respostas do Sr. **D. Xosé Crespo Iglesias**:**

1.-Segundo o informe técnico a concha acústica e o edificio se axustaban ao proxecto; os técnicos da parte contraria recorreron e dicían que non; e o terceiro técnico nomeado polo xuíz dixo que en parte si se axustaba, pero que noutras partes está uns 60 cm. por enriba da rasante. A concha acústica forma parte do proxecto.

3.- Os técnicos municipais e os da empresa construtora “San José S.A” cada quince días ou unha vez á semana visitaban a obra.

4.- A licenza de obra e a de actividade concedeuse pola Xunta de Goberno e cos informes técnicos necesarios.

5.- Por mutuo acordo tentárase levar a cabo a execución da sentenza ditada. Se non hai ese acordo, executarase mediante un Auto xudicial, quitando e retirando aquelas partes da praza afectada e da edificabilidade coas prazas afectadas. De todos modos vaise intentar chegar a un acordo cos afectados. Haberá informe dos técnicos municipais sobre a execución da sentenza e outro da empresa e ofrecerase se fora o caso algo razoable. Se non acepta a parte contraria, quedan os tribunais.

6.- Descoñezo se houbo ou non problemas durante a fase de escavación da obra. Sei que eses sesenta centímetros por enriba da rasante que están de máis puideron terse reducido da altura de cada unha das plantas, porque cada unha delas ten máis altura da legal esixible. E non sabe se houbo problemas; “puido habelos”, afirmou.

7.- O feito de continuar cos procedementos xudiciais é unha cuestión dos técnicos, e non unha decisión política.

Conta o que sucedeu no proceso de selección dunha praza na Deputación Provincial de Pontevedra que pedían FP-2 como requisito e presentouse un aspirante que era químico, é dicir que tiña máis titulación aínda. Unha vez que aprobou non lle deron a praza porque non tiña a titulación precisa; recorreu o opositor diante do Tribunal Supremo, aínda que a sentenza dicía que non era recorrible e gañouse o preito.

Aquí esgotárase a posibilidade e recorrerase diante do Tribunal Supremo: podía suceder o mesmo. O avogado díxonos que había posibilidades de gaña-lo recurso e non era precisamente un avogado estandar, senón unha persoa con experiencia, porque ocupou o cargo de director xeral de urbanismo no anterior goberno da Xunta de Galicia.

**D. Manuel María González Aller** indica que hai unha pregunta, en concreto a 2<sup>o</sup> B que non foi respondida e que di repetíndoa de novo:

2.- ¿Se a superficie construída era máis que a superficie do proxecto?.

**D. Xosé Crespo Iglesias** resposta no seguinte senso.- Todos os informes técnicos dicían que a obra e o edificio cumprían e por iso a Xunta de Goberno aprobou o proxecto do mesmo. “Se os técnicos informasen noutro sentido ou tiveran algunha dúbida, pode estar seguro que se rebaixaría a altura”, manifestou.

Reiterou que os técnicos dixeron que estaba ben, e el convocou unha reunión cando se fixo a segunda planta para falar deste tema cos técnicos, e na mesma dixéronlle que estaba ben.

*E con esta intervención deuse por rematada dita comparecencia.*

## **9.- MOCIÓNS DO BNG.-**

### **9.1.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA AO ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO DA FONTE DA PRAZA DA VILA.-**

A Presidencia deu conta desta moción de 14 de xuño de 2008 con entrada municipal nº 3495 do mesmo día, que contaba co ditame desfavorable da Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Servizos Comunitarios do día 23 de xuño de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Ás 13,05 horas abandonou definitivamente a sesión D. Manuel Miguélez Montoto, quedando o PP con 11 concelleiros, o PSdG-PSOE con 4,, o BNG con 3.

En defensa da moción **D<sup>a</sup>. Guadalupe Nóvoa Carballude** indicou que era a segunda vez neste mandato que se presentaba esta moción en sesión plenaria. A última vez o grupo de goberno dixo que o proxecto contemplaba todo, e agora na segunda di que hai máis obras. *¿Cales foron entón as obra da primeira fase?*

A realidade era que hoxe co recheo de area, a auga seguía a estar estancada, daba mala imaxe ao público e en verán mesmo había mosquitos e suciedade. En suma entendía o seu grupo que, diante desta situación, o idóneo era arranxar os xogos infantís e o contorno tal e como se pedía na moción.

Desde o grupo socialista **D<sup>a</sup>. Beatriz García Iglesias** dixo estar a favor da moción, e de reclamar que se arranxe a fonte. Segundo ela, díxose na sesión da comisión informativa que existía un proxecto, pero *¿en que fase está? ¿íase rehabilitar o entorno ou vaise dicir o de sempre?, ¿ía ser igual a obra ca anterior?, ¿está redactado xa o proxecto ? ¿a que se espera?*

Desde o grupo de goberno **D. Camilo González Bodaño** dixo que na primeira fase se fixo o saneamento, e agora na segunda fase se trataba de arranxar o entorno da fonte, aproveitando o tempo seco desta época do ano, encinta-la fonte e logo selala para que non filtre nada de auga.

Tamén participou no debate **D. Xosé Crespo Iglesias**. Salientou que o ano pasado se fixeron algúns arranxos nos sumidoiros. Para el, o ideal sería remodelar integralmente esa praza, algo que esperaba acometer cando a urbanización da área de reparto estea executada. Entón o acceso á praza sería lineal e o calexón público unha vez reformado tería acceso directo á praza da vila. Poderíase facer entón un concurso público que mesmo pode ser de ideas, ademais da obra.

A fonte, o parque infantil e o palco eran todas instalacións pequenas para o terreo, porque había pouco espazo. Reiterou que o ideal sería remodelar todo, e acometer un proxecto global desta zona e quitando a fonte. Cando estea rematada a urbanización da zona anexa a este lugar, haberá unha saída pola parte de abaixo e por exemplo cunha subvención da Consellería de Industria poderíase reordenar e mellorar toda esta zona, como se fixo noutras.

Interveu entón **D. Camilo González Bodaño** para destacar que, pese a todo o escoitado, esta fonte da praza era a que máis éxito tiña de Galicia e estaba case sempre chea de xente.

Cuestionou estas verbas **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** que dixo que non hai sombra algunha nese lugar, e consideraba que a seguinte obra a realizar sería quitarlle a auga ás fontes.

*Na moción pedíase que o goberno municipal acometa un estudo da situación que presenta esta zona do parque da Praza da Vila e se dispuñan as medida para corrixir o estado de abandono no que se atopa este espazo público.*

Sometida a votación ordinaria polo sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), catro do PSdG-PSOE e tres do BNG.

Votos en contra: once (11) do P.P.,

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **REXEITOUSE** a moción.

## **9.2.- MOCIÓN DO BNG SOLICITANDO A LIMPEZA DE BEIRARRÚAS DO RURAL, PARQUES E XARDÍNS PÚBLICOS E DOS SOLARES DE PARTICULARES DO CASCO URBANO.-**

A Presidencia deu conta desta moción de 7 de xuño de 2008, rexistrada co número 3496 do día 17 de xuño de 2008, que conta co ditame desfavorable da Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Servizos Comunitarios do día 23 de xuño de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Na explicación da moción, a edil nacionalista **D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón** dixo que era unha moción sinxela que reclamaba a limpeza dos parques e xardíns públicos, das beirarrúas e mesmo dos solares dos particulares. Pedíase que se fixeran xestións para conseguir en cada caso e nun tema xa coñecido por todos, que os donos pechasen os seus solares, e sobre todo que houbera máis limpeza e máis coidado nos parques e xardíns públicos, que dera outra imaxe e facilite a súa utilización.

Polo grupo socialista **D<sup>a</sup>. Beatriz García Iglesias** indicou que estaba de acordo co punto dous da moción porque hai moitos solares sen valar e fai falta limpar, e en nome do seu grupo reclamou que desde o Concello se instase aos seus donos a efectuar esta limpeza.

Desde o grupo de goberno **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** sinalou que o Concello estaba a esixirle á empresa concesionaria do servizo de limpeza o cumprimento das obrigas do contrato.

Sobre o contido da moción, destacou que coincidía coa moción no feito de que había moita maleza neste tempo e medraba moi rapidamente a herba. Había dúas desbrozadoras unha en Cercio e cada dous meses e medio daban unha volta por un itinerario e de novo volvían a empezar. *“Faría falta ter cincuenta desbrozadoras ao mesmo tempo e todo o tempo traballando para deixar todo limpo”*, afirmou. Sobre o segundo, dixo que coidaba que os donos afectados tiñan que abonar os gastos de limpeza. En terceiro lugar, levar isto a cabo suporía importantes problemas, porque había que acceder ás propiedades e ás veces os donos non accedían. En suma se fora este tema como o que facía a Xunta de Galicia para sulfatar as súas estradas como fixo, e entón non habería problemas.

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo, sobre o sulfateo de estradas, que a Xunta de Galicia o fai porque si, e nos non podemos e temos que pedir permiso para facelo, e non o dan por enriba.

Había dúas desbrozadoras no Concello a traballar incesantemente durante todo o ano no municipio máis unha da deputación provincial. Pero había que contar que Lalín dispuña de máis de mil quilómetros de pistas a limpar en todo o municipio; había traballadores que limpaban sen parar, mesmo podíanse ver as beirarrúas do polígono Lalín 2000, de Prado e de Vila de Cruces. Non lle parecía lóxico reclamar a limpeza das beirarrúas de Lalín, porque Lalín estaba razoablemente limpo e podía darse xa un notable alto a este pobo en limpeza

viaria. Lalín era un pobo limpo e estaba neste eido por enriba da media dos concellos da súa categoría.

**D<sup>a</sup>. Beatriz García Iglesias e D. Antonio Rodríguez Rodríguez** conversaron sobre os trámites a seguir cos propietarios das zonas rurais para limpar os seus terreos, sempre ó seu cargo, no suposto de non facer a limpeza directamente eles e contando diante cunha situación de negativa, con autorización xudicial para acceder ás fincas e acometer as obras.

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que había un procedemento a seguir con autorización xudicial, no caso de que o dono da finca non o faga nin deixe pasar e que non era tan sinxelo o procedemento a seguir como se pensaba

*Na moción pedíase que o Concello proceda á limpeza das beirarrúas das parroquias e lugares da vila, onde abunde a “vexetación espontánea”, así como de todos os espazos públicos dependentes do Concello (parques, xardíns, etc.); en segundo lugar instar aos propietarios particulares de solares que están con silveiras invadindo as vías públicas dentro do casco urbano para que procedan a súa limpeza; e en terceiro lugar esixir ás restantes administracións públicas que fagan o propio nos espazos da súa competencia, isto é: Administración do Estado, Xunta de Galicia e Deputación Provincial.*

Sometida a votación ordinaria polo sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7) dos que tres foron do BNG e catro do PSdeG-PSOE.

Votos en contra: once (11) dos edís do P.P.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **REXEITOUSE** a moción.

### **9.3.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á ERRADICACIÓN DOS VERTEDOIROIS INCONTROLADOS E A DEFENSA DA LIMPEZA FORESTAL-**

A Presidencia deu conta desta moción do 17 de xuño de 2008, rexistrada co número 3494, que conta co ditame desfavorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda e Medio Ambiente de 23 de xuño de 2008.

Na defensa da moción **D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón** do BNG indicou que esta moción era unha moción reiterativa doutra presentada no ano 2004. Non se tiña constancia de que había vertedoiros incontrolados en Lalín, e de golpe a Concellería Delegada de Medio Ambiente anunciou a “bombo e platillo” que unha brigada comezaría en breve a limpar estes vertedoiros. Citou como caso concreto o da parroquia de Vilanova na que se mandou meter os residuos en sacas e logo non se retiraron. A xente entende que iso é un vertedoiro incontrolado. O seu estado actual supón unha deixadez municipal das súas funcións. Rematou reclamando que se elabore un inventario serio de todos os vertedoiros existentes nas parroquias do municipio e que se proceda á limpeza e á rexeneración dos mesmos con xestión e con control municipal.

Desde o grupo socialista o seu voceiro **D. Manuel María González Aller** indicou que os membros do mesmo estaban totalmente de acordo coa moción sendo un tema xa tratado anteriormente.

Para evitar estas situacións, había que ver antes a forma e non logo cando xa existían estes vertedoiros. En primeiro lugar facía falta contar cunha ordenanza municipal medioambiental que aínda non estaba rematada, a pesares de que ao parecer levaba moito tempo en fase de elaboración, aspecto este xa abordado noutras sesións; en segundo lugar había que ver os casos puntuais dos vertedoiros incontrolados existentes antes de pronunciarse. Indicou que recentemente xurdiu este tema, pero que había aproximadamente un ano se falou deste tema, e logo apareceron máis. O problema estaba en varios motivos; desde logo sinalou que non había concienciación dos veciños para evitar estas situacións, pero tampouco existía vixilancia por parte do Concello para impedilas nin unha xestión acertada. Como mostra disto citou o caso da subvención para a finca da Telleira de Sello, como un caso de deixadez municipal, lugar onde a día de hoxe hai lixo, e tamén a imaxe negativa aparecida na TVG dun vertedoiro de coches e de rodas en Lalín.

Desde o grupo popular **D. Román Rodríguez González** indicou que o que foi un “verdadeiro notición” dun vertedoiro incontrolado foi a actuación da Consellería de Medio Ambiente e D.S. que veu a Lalín a retirar estes vertedoiros e se limitaron a botar terra enriba dos mesmos ata que o Concello o sacou na prensa. O impacto desta actuación foi importante e sempre en todos os actos hai aspectos positivos e virtudes. Sinalou que: “non hai que botar terra sobre eles, senón limpalos”.

Sobre as sacas de Vilanova, que cualificou de erro grave, rexeitou o dito, afirmando que en ningún momento o Concello instou a meter o lixo en sacas e as sacas empregadas non eran municipais.

“Déixennos limpar”, dixo o edil aos membros da oposición. Coidamos que a xente ten que estar incentivada, que o Concello ten que realizar unha labor en conxunto neste eido e que debe haber unha concienciación previa dos veciños para recoller o lixo e metelo nos contedores e non botarlllo en vertedoiros incontrolados. O Concello neste eido fai todo o posible, todo o que está na súa man: mesmo conta cun servizo municipal para ir casa por casa a buscar aparatos e electrodomésticos para o desguace; é un servizo máis que se presta. Non se ía dar un tratamento singular en cada caso, senón dentro da política municipal. Rematou afirmando que a Consellería de Medio Ambiente e D.S. podía dar pouco exemplo neste eido dos vertedoiros incontrolados.

Finalmente **D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón** veu a dicir que o mesmo exemplo que podía dar a Consellería de M.A. e D.S. podía darllo o Concello con este tema das sacas de lixo de Vilanova. Cumpría tamén que o Concello estivera enriba destes focos de lixo, porque hai veces nos que os escombros dos camiños se utilizan para o recheo e logo a xente toma nota de que aí ai eses restos, coida que é un vertedoiro e bota lixo. Sobre o tema de Vilanova reiterou que as sacas eran do Concello.

*Na moción pedíase a elaboración dun informe no que se relacionen os puntos de vertidos incontrolados e descontrolados que existen no Concello: onde están, que volume de lixo hai en cada un, de que materiais están compostos, et..(o feito de seren incontrolados significa que son pouco coñecidos ou non están suficientemente localizados, polo que se debe proceder á súa localización e inventario), para proceder a súa posterior retirada, limpeza e rexeneración da zona: 2.- Campañas de concienciación e formación veciñal, co obxectivo de implicar activamente á cidadanía no mantemento do medio ambiente e limpeza forestal. 3.- Elaboración dunha ordenanza municipal de defensa do medio onde se establezan posibles medidas sancionadoras aos infractores que deterioren os montes e arborados do noso Concello.*

Sometida a votación ordinaria mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7) dos que tres foron dos edís do BNG e catro dos membros do PSdeG-PSOE.

Votos en contra: once (11) do P.P.

Abstencións: ningunha.

En consecuencia **REXEITOUSE** a moción.

O Sr. Presidente preguntou se había algunha moción a presentar por vía de urxencia na presente sesión plenaria.

Desde o grupo popular presentouse a seguinte:

**10.- MOCIÓN CON CARÁCTER DE URXENCIA DO SR. CONCELEIRO DELEGADO DE OBRAS E SERVIZOS DA PERIFERIA URBANA RELATIVA Á SOLICITUDE DE VARIAS OBRAS Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.-**

A Presidencia deu conta desta moción por urxencia de data do 24 de xuño de 2008 con entrada municipal do mesmo día e número 3798.

O Sr. Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, defendeu a urxencia da moción. Logo da lectura da moción dixo que actualmente estíbese a redactar polo enxeñeiro técnico municipal o proxecto da obra de Soutolongo, xa solicitada. Indicou que esta petición facíase a raíz dunha xuntanza a semana pasada co Sr. Conselleiro de Medio Ambiente e explicou que con esta obra ampliaríase a capacidade de almacenamento de auga potable e quedaría un depósito pequeno de reserva, aumentando as garantías de prestación do abastecemento domiciliario de auga potable aos veciños de Lalín.

Sometida a votación ordinaria a declaración de urxencia, a man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes que eran once do PP, catro do PSdeG-PSOE e tres do BNG, **RATIFICOUSE A URXENCIA DA MOCIÓN.**

Na rolda de intervencións o voceiro socialista **D. Manuel María González Aller** afirmou que lle faltaba memoria porque el falou co Sr. Conselleiro de Medio Ambiente e D. Sostible quen non recordaba ter asumido este compromiso a semana pasada. En todo caso hai dous anos que se lle pediu esta obra, e agora por urxencia tráese isto. Non parecía razoable.

Por alusións, **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que pactou con el nunha reunión e houbo que actualizar os prezos. Nela o sr. Conselleiro anunciou que daría dous centos mil euros a cada concello, pero el entendía que non era xusto que todos percibiran as mesmas cantidades, e que por iso había que remitir os proxectos canto antes.

De novo **D. Manuel María González Aller** dixo que o seu grupo votaría a favor xa que as peticións eran necesarias para os veciños aínda que, dende o seu grupo, sempre pediron máis que isto, mesmo un plan integral de saneamento. Cuestionou a achega do cen por cento da subvención destas obras, por canto no anterior convenio de Soutolongo pedíase o setenta

por cento. Finalmente indicou que tamén tiña dúbidas porque o que se pedía superaba esa cifra de douscentos mil euros.

**D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón**, pola formación nacionalista, tamén expresou o apoio de seu grupo a esta iniciativa, e daban a benvida a esta moción, se ben desconfiaban de que a Consellería sufragase integramente o seu custe.

Rematou o debate **D. Xosé Crespo Iglesias** indicando que o importe dos douscentos mil euros que se comprometeu a dar era para a obra de saneamento, namentres que o depósito a construír era un compromiso de hai dous anos do Sr. Conselleiro.

De seguido e sometida a votación ordinaria a moción, a man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes que eran once do PP, catro do PSdeG-PSOE e tres do BNG, aprobouse a mesma que é do seguinte tenor:

Tendo en conta que o Concello de Lalín ten que acometer no futuro inmediato unha serie de obras que inclúen o feito de garantir a prestación do servizo de abastecemento de auga potable aos veciños deste municipio e de prestar o servizo de saneamento na zona rural de Lalín na medida do posible.

Cumprindo iniciar os trámites destes expedientes o antes posible para non demorar a execución destas obras, e habendo conversas entre a Alcaldía deste Concello e o Sr. Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible que indican que é viable afrontar estas obras de acordo coas previsións da Xunta de Galicia.

#### **Xa que logo o Pleno de Lalín acordou:**

**PRIMEIRO.-** Solicitar á Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, que proceda á execución ou ben a conceder unha subvención ao cento por cento para as obras seguintes:

- “*Saneamento en Pareizo, Cotarelo. Lalín*”, por importe de 269.466,28€ segundo o proxecto de data xuño 2008.

- “*Nuevo depósito de 1500 m3 en Lagazós y conexiones con E.T.A.P y distribución Lalín (Pontevedra)*”, por importe de 382.763.11€, segundo o proxecto de data xuño 2008

**SEGUNDO.-** Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para que asine o correspondente convenio administrativo, no caso de concederse a presente petición, así como para realizar cantos actos administrativos sexan necesarios, respectando a distribución de competencias municipais en todo caso e na Xunta de Goberno.

**TERCEIRO.-** O Concello de Lalín comprométese a poñer a disposición no seu día os terreos necesarios para a execución das obras, e a sufragar os gastos de redacción dos proxectos técnicos.

Ás 13,58 horas abandonou definitivamente a sesión D. Xosé Crespo Iglesias, pasando á presidencia D. Camilo González Bodaño. O PP quedou con 10 edís, o PSdG-PSOE con 4 e o BNG con 3. O número total de asistentes quedou en 17.

## **11.- ROGOS E PREGUNTAS.**

### **11.1.- PSdeG-PSOE.**

Por escrito:

#### **D. Manuel María González Aller.-**

##### ROGO

Que se proceda de inmediato a cortar as polas das árbores que están invadindo as pistas de Sello, Fontecabalos, Palmou, O Souto, Regufe, Bermés, e de todos aqueles outros lugares nos que sexa necesario, para mellorar o acceso e circulación dos autobuses escolares e dos pequenos camións de servizos (do leite, pensos, etc), que a miúdo teñen que pasar por elas, contribuíndo así a mellorar a seguridade cidadán e viaria das nosas estradas municipais.

*O Sr. Presidente quedou enterado.*

##### PREGUNTAS

En relación ao convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e a empresa Geriatros, S.A. para a formación e selección de persoal para a residencia de maiores e Centro de Día de Lalín:

1. A empresa Geriatros S.A. obrigábase en dito convenio a contratar preferentemente a persoas residentes en Lalín e na Comarca do Deza para cubrir os postos de traballo e o Concello obrigábase a colaborar a través da Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local no proceso de preselección dos candidatos.

a) ¿Cando tivo lugar o proceso de selección dos candidatos?

*O Sr. Presidente contestou que respondería por escrito*

b) ¿Cantos candidatos se presentaron ao proceso de selección?

*O Sr. Presidente contestou que respondería por escrito*

2. En decembro de 2006 a empresa Geriatros S.A. confirmaba a finalización das obras de construción e a dotación de equipamento. ¿Cal foi o motivo polo que non se inaugurou a principios de 2007 como estaba previsto?

*O Sr. Presidente contestou que respondería por escrito.*

3. Dito convenio tiña como data de caducidade “a duración precisa para a completa execución das actuacións nel contempladas, e dicir, a resolución das contratacións”.  
¿En que punto se atopan as contratacións de traballadores?

*O Sr. Presidente contestou que respondería por escrito.*

4. ¿Hai finalmente algunha data prevista para a súa inauguración?

*O Sr. Presidente contestou que respondería por escrito.*

5. ¿Realizou o Concello de Lalín algunha xestión para que este Centro pasara a depender da Xunta de Galicia?  
a) Se a resposta é afirmativa, ¿cando?  
b) Se a resposta é negativa, ¿por que non?

*O Sr. Presidente contestou que respondería por escrito.*

Formulados oralmente:

**D. Manuel María González Aller.-**

**PREGUNTA.-** En relación cos viais que están enfronte da estación de autobuses: ¿por qué non se abren ao tráfico xa?, ¿que pasa nesa zona para que non estean abertos?.

*D. Camilo González Bodaño, D. Román Rodríguez González responderon indicando que a obra aínda non estaba rematada nin polo tanto recibida polo Concello; ao parecer hai uns problemas cuns cables de telefónica.*

**Dª. Marta Lázara Fontao:**

**ROGO.-** Que se acometa o repintado dos pasos de peóns que hai no casco da vila porque non se ven.

*O Sr. Presidente quedou enterado.*

**ROGO.-** Que se actualice a páxina web do Concello e se colgue nela toda a información posible do Concello.

*O Sr. Presidente quedou enterado.*

**PREGUNTA.-** ¿A desaparición do técnico D. Hervé Fernández do Concello ten algo que ver coa sentenza recaída sobre o parking da Praza de Europa?.

**D. Román Rodríguez González** resposta indicando que o funcionario aludido atópase en situación de excedencia voluntaria e que elixir esta situación é un dereito de todo funcionario.

**PREGUNTA.-** A unha pregunta da anterior sesión plenaria sobre o pintado de amarelo dos vados, respondeuse desde o grupo de goberno: “si o consideran oportuno”.

**D. Manuel Gómez Estévez** ratifícase na resposta indicando que os poden pintar ou non, pero non é unha obriga a de pintar de amarelo.

¿E onde está recollido iso?.

Parece que se entrega a placa polo Concello e xa estaba todo; pero ¿unha placa obriga ao destinatario a pintar a zona afectada?

**D. Manuel Gómez Estévez** indica que o efecto do vado é que non se pode aparcar.

**D<sup>a</sup>. Beatriz García Iglesias.**

**1.- ROGO.-** Que o Sr. Alcalde como membro da Comisión Executiva da Femp se informe sobre os plans de accesibilidade existentes e as funcións que cumpren e que poden estar vixentes ou a disposición no Ministerio de Industria, Turismo Comercio e mesmo no Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

O Sr. Presidente quedou enterado.

**2.- ROGO.-** Que se informe sobre as subvencións que da a Xunta de Galicia, para acometer iniciativas municipais como por exemplo o ascensor do Museo municipal.

O Sr. Presidente quedou enterado.

**3.- ROGO.-** As beirarrúas da rúa Buenos Aires no tramo existente entre a confitería Navaza e a rúa F están cheas de bultos, (irregularidades e saíntes no firme). Pediu que se arranxen o antes posible polo Concello.

**D. Manuel Gómez Estévez** indica que a estrada é do Ministerio de Fomento e non do Concello. De todos os xeitos como non o repara dito organismo, a brigada municipal vai facendo estas obras pouco a pouco, como se pode.

**11.2.- BNG.**

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** formula a seguinte:

**PREGUNTA.-** ¿.En que fase están os expedientes de infracción urbanística tramitados desde o Concello?.

*O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.*

**PREGUNTA.**-¿Pensa deixalos na caixa como o adoitan facer sen tramitalos?.

*O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.*

E non habendo outros asuntos que trataren, sendo as catorce horas e seis minutos do día ó comezo sinalado, e no mesmo lugar onde comezou a sesión, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo isto dou fe pola miña condición de Secretario e fedatario público.

Vº e Prace